

## A Obra Social "la Caixa" colabora nos programas didácticos do MARCO

### PROGRAMACIÓN ESCOLARES 2017

#### Avaliación do primeiro trimestre e avance novas actividades

Ao longo destes meses, o programa educativo do MARCO xira ao redor das exposicións "MULLERES DO SILENCIO", inaugurada en outubro nas salas da planta baixa, e "ALÉN DOS XÉNEROS" (dende finais de xaneiro no 1º andar). De xeito estable, o programa para escolares desenvólvese paralelamente ás exposicións temporais do Museo, sacando partido da presenza das obras en salas e das súas posibilidades didácticas, con visitas e obradoiros específicos dirixidos a alumnado de distintas idades e ciclos educativos (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, FP e outros ciclos).

A partir de xaneiro de 2017, a devandita programación veuse reforzada polo apoio da **Obra Social "la Caixa"** no desenvolvemento deste programa, cun incremento tanto no número de visitas e grupos participantes, como nas posibilidades de atención a grupos con necesidades especiais. Con esta colaboración, que nace con ánimo de continuidade, "la Caixa" pretende ofrecer aos grupos de escolares actividades complementarias o seu traballo nas aulas, nas que se fomenten a arte e a cultura, e ás persoas con necesidades específicas opcións de ocio inclusivo.



Grupo de escolares do CEIP Quintela, xunto a obras de Maria Xosé Díaz e Menchu Lamas na exposición "Mulleres do silencio"

A día de hoxe, un total de **2.608 escolares** teñen pasado polo Museo nos meses de xaneiro (729), febreiro (792) e marzo (1.087) deste ano 2017. As actividades, concertadas mediante cita previa, desenvólvense de martes a venres, en dúas quendas de 11.00 a 12.15 e de 12.15 a 13.30, e consisten en percorridos guiados polas salas de exposición, seguidos dun obradoiro no Laboratorio das Artes, o espazo de Didáctica no primeiro andar.

En canto aos contidos, a exposición “Mulleres do silencio” permite lecturas moi diversas en torno a cuestións clave —a evolución das obras pictóricas dende formatos máis tradicionais ata o concepto de pintura expandida; exercicios e xogos sobre a cor; soportes e materiais híbridos; xéneros como o retrato, o bodegón e a paisaxe— así como suscitar reflexións sobre a presenza das mulleres na historia da arte máis recente, algo especialmente relevante na mostra “Alén dos xéneros”.

A partir de maio, o programa renovarase coa inauguración nas salas da planta baixa da exposición “ÁNHEL HUETE. Unha revisión crítica”, que será a primeira presentación que fai un museo da traxectoria de Ánxel Huete (Ourense, 1944), artista indispensable para comprender o discorrer da produción artística en Galicia nas últimas décadas.



Estudantes de Belas Artes da Universidade de Vigo, na sala de Maruja Mallo na exposición “Mulleres do silencio”.

## **MARCO. Visitas e obradoiros para escolares**

Para grupos de educación Infantil, Secundaria e Bacharelato

### **Colabora: Obra Social “la Caixa”**

Do 10 xaneiro ao 23 xuño 2017

Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)

Horario: de martes a venres de 11.00 a 13.30

[Previa cita no tel. 986 113900 ext. 304]

---

#### **Contacto Departamento de Comunicación e prensa**

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

marta.viana@marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

[twitter. @MARCOVigo3](https://twitter.com/MARCOVigo3)

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

R/ Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com) | [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)